

1. Le o seguinte texto e subliña as comas, os puntos e os dous puntos:

Era domingo pola mañá e o pai da cativa, que estaba dentro do cuarto de baño, saíu coa cara toda chea de espuma de xabón e dixo á súa filla:

- María, baixa ao quiosco a comprar o xornal. Fai o favor.

A nena baixou a cumprir o encargo. E ao saír fóra do portal viu alí, achegado á parede da casa, ao pequeno robot.

Paco Martín: Un robot pequeno, Edición Xerais, col. Merlín.

2. Volve ao exercicio anterior e escribe algún exemplo dos usos da coma que se recollen nos apuntes enviados.

3. Fíxate ben nas comas e escribe a norma de uso que corresponda en cada caso:

- Papá, como se fai o pan?
- Mestura os seguintes ingredientes: auga, fariña, un chisco de sal e lévedo.
- Román pedirá un curso de cociña polo seu aniversario, pero regaláronlle unha cociñeira defunta.
- E se a estraña boneca, Escarlatina para os amigos, era un robot de cociña?
- O rapaz pechou a caixa, porque pensou que era unha broma.

4. Copia no teu caderno, cos signos de puntuación necesarios:

- O robot quixo coñecer distintos lugares da vila a praia a estación do tren os museos e os parques

- Román pensou para si É mellor que esconda a Escarlatina porque a meus país vailles dar algo
- Estimadas familias O colexio vai celebrar o seu décimo aniversario cunha festa pola paz é dicir que terá lugar o 30 de xaneiro

5. **Ditado** (é opcional solo facédeo se tedes quen volo dite, lédeo antes de facelo, fíxate ben nos signos de puntuación e nas tildes)

María levou o robot para a casa e púxolle un nome: Parafuso. O robot converteuse nunha mascota e nun amigo.

Un día, Parafuso marchou de paseo e non daba regresado. María buscouno pola rúa, pero sen sorte. Por fin, apareceu e desculpouse: María, perdoa. Perdín o reloxo.